

Instagram:

imaxinarios de xénero da mocidade. Estudo comparativo entre espazos virtuais dos campus galegos.

CON QUE INTENCIÓN PUXEMOS EN MARCHA ESTE PROXECTO?

Co propósito de completar o estudo comezado no pasado ano 2019, este traballo aspira a realizar unha descripción dos imaxinarios de xénero que se representan nas fotografías de Instagram vincelladas aos espazos virtuais desenvolvidos pola mocidade galega, realizando unha comparativa entre o imaxinario vincellado ao campus de A Xunqueira (Pontevedra), Campus Norte e Campus Sur ou Vida (Santiago de Compostela) e Campus de Elviña (A Coruña).



QUE QUEREMOS SABER SOBRE OS IMAXINARIOS DE XÉNERO DA MOCIDADE?

- Representación dos sexos.
- Caracterización das identidades de xénero.
- Presenza de indicadores de orientación sexual, filiación e afinidade.
- Posibles representacións identitarias "desobedientes" con respecto ao discurso normativo de xénero.

CAL FOI A METODOLOXÍA SEGUIDA?

Investigación empírica descritiva de análise primaria na que se analizan, mediante un sistema de categorías adaptado (Taboas, 2009), as fotografías que configuran os espazos virtuais dos campus revisados. Análise descritiva univariante e bivariante empregando o paquete estadístico SPSS.

De xeito complementario, realizaase unha análise de contido das mesmas imaxes, que permitiu identificar pequenos matices ou aspectos relevantes que a análise cuantitativa, pola súa natureza, deixaba fóra.

As imaxes analizadas nesta segunda fase da investigación foron compartidas en Instagram entre o 1 de maio e o 30 de xuño de 2019. A mostra queda composta por un total de 449 imaxes, vincelladas a distintas facultades das tres universidades galegas. As categorías coas que traballamos son as seguintes:

- | | |
|-----------------------|-----------------------------|
| - Sexo/agrupación. | - Indumentaria. |
| - Xénero. | - Cobertura do corpo. |
| - Orientación sexual. | - Filiación/identificación. |
| - Idade. | - Expresión. |
| - Protagonismo. | - Finalidade. |
| - Rol. | |



QUE NOS ATOPAMOS?

- As mulleres en solitario estaban presentes 15,9% das imaxes de A Xunqueira, no 46,7% das imaxes de Elviña e no 34% das imaxes dos Campus Norte e Sur.
- O reparto de roles entre homes e mulleres (activo/pasivo), nos casos das imaxes nas que se retratan grupos mixtos, está bastante equilibrado no caso de A Xunqueira e nos Campus Norte e Sur de Santiago de Compostela. No caso do Campus de Elviña, as mulleres nunca son protagonistas cando hai homes presentes.
- No tocante á indumentaria, no Campus de Elviña a vestimenta formal é a empregada pola maior parte das persoas fotografadas, mentres que nos Campus Norte e Sur da USC a indumentaria predominante é a urbana ou casual, seguida da vestimenta de festa. En A Xunqueira hai unha combinación entre ambos, con maior presenza de roupa deportiva e uniformes.
- A influencia dos actos de graduación fai que os emblemas relacionados coas institucións de estudos estean presentes nun 44,5% das imaxes tomadas no Campus de Elviña e nun 16,7% das imaxes de A Xunqueira, seguidos, neste campus, polas marcas ou logos, nun 15,6% dos casos.
- A análise da expresión das persoas fotografadas presenta certa homoxenidade nos catro campus: observase un elevado número de expresións de satisfacción (29,5% en Elviña; 48,23% en Campus Sur e Campus Norte; e 38,5% en A Xunqueira), cunha menor incidencia de xestualidades alternativas.
- Chama a atención o rexistro de xestos de complicitade entre as persoas presentes, moi elevado en Elviña (43,9%), baixo nos campus Norte e Sur da USC (6,1%) e inexistente en A Xunqueira. A complicitade parece ser unha actitude reservada ás mulleres.

CALES SON AS CONCLUSIÓNNS?

- No caso do Campus de A Xunqueira, poderíase falar dun espazo algo máis masculinizado, con maior presenza dos homes con respecto ás mulleres. Porén, os grupos mixtos son maioritarios.
- Non se identifican narrativas visuais desobedientes no tocante á exploración de novas identidades de xénero e/ou orientación sexual.
- O tipo de estudos cursados parece condicionar, en certo modo, os imaxinarios creados, atendendo ás mostras de filiación e identificación.
- A expresión das persoas fotografadas ou a vestimenta están tamén influídos polos eventos que teñen lugar no momento do rexistro. Así, os imaxinarios creados pola mocidade están condicionados polo contexto.